



## **REGULAMENTO DA PLACA “RAMON DOCAL”**

Aprobado póla Xunta Directiva do CGX con data 24 de Maio de 2008

I.- A **PLACA RAMÓN DOCAL**, instaurouse, coa súa denominación inicial de **PLACA COMITÉ GALEGO DE XUÍCES**, para distinguir e premiar a traxectoria exemplar daqueles Xuíces que destacaron nesta Comunidade Autónoma, polo seu esforzo, dedicación e achegas ao mundo do Atletismo Galego

II.- Como queda sinalado, a placa coa que se premiará ao Xuíz máis destacado de Galicia, chamarase **PLACA RAMON DOCAL**, sendo o seu deseño o seguinte

Escudo Federativo

A Federación Galega de Atletismo,

O Comité Galego de Xuíces, conceden a **PLACA “RAMON DOCAL”**

correspondente o ano \_\_\_\_ a/ó Xuíz.....

DON/A.....

pola súa dedicación, esforzo e achegas feitas ao Atletismo Galego

Data.....

III.- PERIODICIDADE.

A **PLACA RAMON DOCAL** entregárase anualmente, a poder ser nun evento de importancia ou reunión de todos os estamentos do atletismo galego.

IV.- CONCESION.

1.- Poderase propor aos Xuíces con licenza en vigor pola FGA con méritos para recibir a mesma, tanto polas Delegacións do Comité Galego de Xuíces, como polas Delegacións da Federación Galega de Atletismo, ou por calquera dos estamentos ou persoas que formen o colectivo do Atletismo Galego.

As propostas, calquera que sexa a vía, **ACOMPAÑADAS DUNHA BREVE RESEÑA DO CANDIDATO**, deberán ter entrada no CGX, antes do 31 de Outubro de cada ano.



2.- Finalizado o prazo de recepción de propostas, na primeira reunión que se celebre da Xunta Directiva do CGX, procederáse á concesión da **PLACA RAMÓN DOCAL**, mediante o seguinte procedemento.

Primeira votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar a un máximo de TRES candidatos. Os TRES candidatos con máis votos (e os empatados en terceiro lugar) pasasen á seguinte votación.

Segunda e última votación: cada un dos presentes con dereito a voto, votará a UN dos XUÍCES da nova lista, concedéndose a PLACA ao candidato máis votado. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do CGX.

NOTA: .- A **PLACA RAMON DOCAL** poderá tamén ser concedida con carácter extraordinario a título póstumo.

V.- A PLACA será entregada ao XUÍZ elixido, ou se fose concedida a título póstumo, aos seus familiares, nun acto a decidir pola Xunta Directiva do CGX, que contribúa a realzar tanto a figura do homenaxeado como a importancia do galardón

VI.- Ningún membro da Xunta Directiva de Xuíces, no ano de concesión, poderá optar á **PLACA RAMON DOCAL**. Así mesmo só se poderá conceder ao mesmo Xuíz nunha soa ocasión

ANEXO.- Como queira que é intención da Federación Galega de Atletismo, e do seu Comité de Xuíces, o darlle a devandito premio un carácter oficial e vincular o seu nome ao dunha persoa que destacou en todos os ámbitos do Atletismo Galego, tal e como se describe no prólogo do documento sancionador do presente, acórdase o presente Regulamento que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo.



## **HISTORIAL PLACA RAMÓN DOCAL (CGX)**

1994	M <sup>a</sup> Luisa González Khaimalis	Vigo
1995	Alfonso Rodríguez Rodríguez	Ourense
1996	Fernando Alonso Braña	Santiago
1997	Sebastián Ros Pesquera	Ferrol
1998	Jorge Doncel Queijeiro	La Coruña
1999	Alfonso Pacheco Gamallo	Pontevedra
2000	No se entregó	
2001	No se entregó	
2002 (*)	José A. Bastos González	La Coruña
2003	José M. Rodríguez Díaz	Lugo
2004	Jesús Alonso Braña	Santiago
2005	Belén Martínez Freire	Vigo
2006	Marina Conde Araujo	Ourense
2007	Ramón Alfonsín Alfonsín	Pontevedra
2008	Ricardo Monzón López	Ferrol
2009	Berta Fernández Amado	A Coruña
2010	M <sup>a</sup> Luisa López Vacas	Vigo
2011	M <sup>a</sup> Consuelo y M <sup>a</sup> Dolores Guillán Moreira	Vigo
2012	M <sup>a</sup> Estela Diéguez Fernández	Ourense
2013	M <sup>a</sup> Carmen Torres Castiñeira	Pontevedra
2014	José M <sup>a</sup> López del Río	Ourense
2015	M <sup>a</sup> Luz Fernández Amado	A Coruña
2016	Jorge Blanco Chao	A Coruña
2017	José Manuel Martínez Fernández	Ourense
2018	M <sup>a</sup> Carmen Pérez Conde	Ourense
2019	Fermín Bescansa Hernández	A Coruña
2020	Mercedes García Cayo	Pontevedra

(\*) Pasa a denominarse Placa Ramón Docal